

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 12 de decembro de 2019, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Aprobación das valoracións correspondentes os criterios non automáticos (sobre A) acadas polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. Peso-Caroi, entre os P.K. 4+000 e P.K. 6+000 (A Lama)”. (Expte.-2019012994).

O Secretario informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión de data 26/07/2019, acordou aprobar o proxecto de “ Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, P.Q. 4+000 a 6+000 (A Lama)”, e que na sesión do 04/10/2019 acordou aprobar o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi, P.Q. 4+000 a 6+000 (A Lama)”, por un importe de 940.182,85 € IVE incluído. O anuncio de licitación publicouse con data 07/10/2019 no Perfil do Contratante da Deputación motivo polo que o prazo para a presentación das ofertas remataba o día 29/10/2019 ás 10:00 horas.

A continuación informa que con data 21/10/2019, recibíuse no Servizo de Contratación, escrito do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas, recollendo no mesmo que no orzamento detectouse que na unidade de grava-emulsión non se incluía a emulsión na descrición nin na descomposición desa partida, debendo facer unha rectificación que en ningún caso modificaba o importe da obra que mantiña o orzamento base de licitación de 940.182,85 €. Para solucionar esta incidencia a Presidencia avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno para rectificar o erro a través dunha resolución presidencial de data 21-10-2019 e posteriormente publicouse de novo a licitación deste contrato no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra con data 22-10-2019. Así mesmo a Xunta de Goberno tivo coñecemento do contido da resolución presidencial de rectificación do erro na sesión do día 29 de outubro de 2019.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.
- U.T.E. ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.-CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
- ELSAMEX, S.A.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.
- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.



- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L.
- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CIVIS GLOBAL, S.L.U.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.
- U.T.E. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.L.-OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de novembro de 2019 tamén procedeu á apertura da documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Mobilidade, D. Francisco Alonso Fernández, con data 5 de decembro de 2019, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTUACION SOBRE "B"
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	23
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	22
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22
CONSTRUCCIONES FECHI	24
MISTURAS, S.A.	21
MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	21
CIVIS GLOBAL	21
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	22
MARCONSA	19
NAROM, S.L.	21
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	19
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	18
ELSAMEX, S.A.	15
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	20
EC CASAS, S.L.	24
HORDESCON, S.L.	13
UTE ARINES OBRAS Y PROYECTOS-CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO	19
OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	17
UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	20



A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Mobilidade, D. Francisco Alonso Fernández, con data 5 de decembro de 2019, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *“Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. Peso-Caroi, entre os P.K. 4+000 e P.K. 6+000 (A Lama)”*.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, a doce de decembro de dous mil dezanove.

